



ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE VALDOVIÑO, CELEBRADA EN DATA VINTE E OITO DE AGOSTO DE DOUS MIL VINTE E CATRO.

Expte: 2024/G007/000029

En Valdoviño na Sala de Xuntas da Casa do Concello anexa á Alcaldía, ás dez horas do día vinte e oito de agosto de dous mil vinte e catro, reúnen-se en primeira convocatoria os membros da Xunta de Goberno local; previa convocatoria efectuada regulamentariamente conforme ao resolto en decreto núm. 452 de data 27 de agosto do 2024 e baixo a Presidencia do Sr. Alcalde, don Alberto González Fernández, asisten os concelleiros dona Rosa Ana García López, don Benito Manuel Vega Fernández, dona Tamara Sabín Caamaño e don Alejandro Antonio García Sousa.

Actúa como secretaria a que o é da Corporación dona Carlota González Navarro. E asiste o interventor accidental don Senén Martínez Prieto.

Despois de aberta pola Presidencia a sesión, esta celébrase comezando co debate e votación dos asuntos incluídos na Orde do Día da convocatoria.

1º.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DO BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN ANTERIOR: 20.08.24 (ORDINARIA).-

O Alcalde preguntalle aos concelleiros se teñen que facer algunha observación á devandita acta, e ao non facerse ningunha alegación, declara que a acta da sesión de 20.08.24 queda aprobada sen ningunha obxección pola Xunta de Goberno Local.

2º.- CANCELACIÓN DE GARANTÍA DEFINITIVA ASOCIADA AO SERVIZO PÚBLICO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO (EXPEDIENTE 2023/X0025/000012)

“PROPOSTA DA ALCALDÍA PRESIDENCIA

Asunto Cancelación da garantía definitiva asociada ao SERVIZO PÚBLICO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO

Expediente 2023/X002/000012

FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS S.A. con C.I.F. núm. A28037224 adxudicataria do contrato de servizo de recollida de residuos sólidos urbanos do Concello de Valdoviño, según acordo adoptado polo Pleno municipal en sesión ordinaria celebrada en data 04-03-2011, solicita a devolución da garantía definitiva asociada ao referido servizo municipal (número de rexistro de entrada 202499900001104).

Vista a Providencia de Alcaldía asinada en data 08-08-2024 aos efectos de *iniciar expediente para a devolución, no seu caso, do aval bancario depositado polo contratista FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS S.A. con C.I.F. núm. A28037224 como garantía definitiva da concesión administrativa do SERVIZO PÚBLICO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO.*



En virtude do establecido na Resolución de Alcaldía Presidencia núm. 412 de data 02-08-2024 e conforme o enunciado no no artigo 5.2 a) do Real Decreto 128/2018, do 16 de marzo, polo que se regula o réxime xurídico dos funcionarios de Administración Local con habilitación de carácter nacional, que atribúe a Tesourería a xefatura dos servizos de xestión de ingresos e recadación, foi emitido informe pola Tesourería municipal para facer constar que (...) visto o contido do rexistro de entrada con número 202499900001104 de data 26-06-2024 do interesado FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS S.A. con C.I.F. núm. A28037224 foi comprobada a documentación que custodia a Tesourería do Concello de Valdoviño e información obrante na contabilidade municipal entre os anos 2009 e 2020 (ambos inclusive). Salvo erro ou omisión involuntaria, non constan os avais bancarios referidos polo contratista FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS S.A. con C.I.F. núm. A28037224 por importe de 81.342,55 € e 11.620,37 €.

En vista da situación, foi solicitado ao Banco Santander S.A. con C.I.F. núm. A39000013 certificado acreditativo respecto da existencia de dous avales que deseguido se detallan, así como a actualización de datos que proceda.

a) Aval bancario concedido polo Banco Español de Crédito S.A. con C.I.F. A28000032 a FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS S.A. con C.I.F. núm. A28037224 para responder das obrigas do contrato de SERVICIO PÚBLICO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS ante o Concello de Valdoviño por importe de 11.620,37 € O referido aval foi inscrito en data 05-03-2009 no Rexistro Especial de Avales con número 0030-1518- 02-0137524-211.

b) Aval bancario concedido polo Banco Español de Crédito S.A. con C.I.F. A28000032 a FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS S.A. con C.I.F. núm. A28037224 para responder das obrigas do contrato de SERVICIO PÚBLICO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS ante o Concello de Valdoviño en data 13-03-2009 por importe de 81.342,55 €. Este segundo aval foi inscrito en data 13-03-2009 no Rexistro Especial de Avales con número 0030- 1518-01-0137659-211.

Consta no Expediente 2023/X002/00001 o rexistro de entrada con número 2202400000002018 de data 21-08-2024 do Banco Santander S.A. con C.I.F. núm. A39000013 onde fai constar mediante certificación que (...) tras comprobar os arquivos do Banco, informámoslle do seguinte:

- Que o aval 0030/1518/211/0137524 emitido con data 5 de marzo do 2009 dispón de referencia actual 0049 1500 00 2110979958.

- Que o aval 0030/1518/211/0137659 emitido con data 13 de marzo do 2009 dispón de referencia actual 0049 1500 05 2110979982

Tendo en consideración as circunstancias expostas, cabe dicir que para a devolución dun aval bancario non existe un procedemento tipificado, aínda que dependendo do tipo de obriga garantida (con motivo dun contrato administrativo, garantías de tipo urbanístico etc.) o procedemento pode ter particularidades debendo recorrer á normativa propia da obriga garantida.

Conforme o apartado XIX do Prego de cláusulas administrativas particulares e de condicións técnicas que rexeron a concesión administrativa do servizo público de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos do Concello de Valdoviño, a devolución e cancelación das garantías efectuarase de conformidade co disposto no artigo 90 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público (Lexislación derogada polo Real Decreto Lexislativo 3/2011, de 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de Contratos do Sector Público) e 65.2 e 3 do Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas aprobado polo Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.

Así, dispoñía o artigo 90 da LCSP que a garantía non será devolta ou cancelada ata que se produciu o vencemento do prazo de garantía e cumprido satisfactoriamente o contrato de que se trate, ou ata que se declare a resolución deste sen culpa do contratista.



Neste senso, Benito Manuel Vega Fernández con D.N.I. núm. [REDACTED] en calidade de Concelleiro de Servizos do Concello de Valdoviño emitiu informe en data 20-08-2024 (...) para facer constar que a empresa FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS S.A. con C.I.F. núm. A28037224 prestou correcta e adecuadamente o SERVIZO PÚBLICO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS DO CONCELLO DE VALDOVIÑO dende o 1 de abril do 2011 ata o 30 de novembro do 2022 sen que conste expediente sancionador por infraccións e/ou sancións según recolle a Cláusula XXIII.- do Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e de condicións técnicas que rexerán a concesión administrativa do servizo público de recollida e transporte de residuos sólidos urbanos do Concello de Valdoviño.

Por tanto, unha vez cumprida ou extinguida a obriga principal garantida o valor do documento é relativo, porque como obriga accesoria que é extinguese cando se extingue a obriga principal.

Dito isto, o procedemento para a cancelación establécese no citado artigo 90 da Lei 30/2007, do 30 de outubro, de Contratos do Sector Público, así como nos seguintes preceptos.

Dispón o Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas que (...) o acordo do órgano de contratación sobre a cancelación e a devolución da garantía definitiva será comunicado polo mesmo, no seu caso, á Caixa Xeral de Depósitos ou órgano ante o que se atope constituída dita garantía.

O artigo 15 do Real Decreto 937/2020, do 27 de outubro, polo que se aproba o Regulamento da Caixa Xeral de Depósitos, dispón que (...) de acordo ca normativa reguladora das obrigas garantidas, a autoridade a cuxa disposición se constituíu a garantía ditará orde de cancelación, total ou parcial, mediante o enchemento do modelo previsto mediante orde da persoa titular do Ministerio de Asuntos Económicos e Transformación Dixital, ou mediante as canles electrónicas previstas pola Caixa, e remitiraa á Caixa para que esta proceda á súa tramitación con arranxo ao procedemento que corresponda segundo a súa natureza.

Cancelada a garantía, os interesados terán un prazo dun ano para recoller os documentos con que, no seu caso, fôra constituída, transcorrido o cal sen que se produciu a devolución a Caixa procederá ao seu arquivo ou destrución de acordo ca normativa aplicable. Se transcorrido o prazo dun ano o interesado require os documentos e estes foron arquivados ou destruídos a Caixa emitirá un certificado en que conste a cancelación da garantía.

O artigo 27 engade que a cancelación da garantía será efectuada conforme o disposto anteriormente e (...) a autoridade a cuxa disposición se constituíu a garantía remitirá a orde de cancelación do aval á Caixa a efectos de que esta a execute e proceda, no seu caso, á devolución do documento ao obrigado a prestar garantía ou á entidade avalista, a solicitude de calquera deles.

En virtude do exposto, a Tesourería accidental entende que, como se desprende do establecido nos artigos citados, non é esencial a devolución física do documento, o fundamental é a resolución de cancelación da garantía.

Por tanto, unha vez acreditada a perda do documento, basta co acordo do órgano competente para cancelar o aval e notificada esta resolución ao garantido e á entidade avalista, o aval quedará sen efecto.

Visto canto antecede, conforme o enunciado no artigo 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local na súa redacción dada pola Lei 11/1999, do 21 de abril e a Lei 57/2003, do 16 de decembro, de medidas para a modernización do goberno local, esta Alcaldía **PROPÓN**

Primeiro.- Declarar o extravío do aval bancario número 0030.1518.211.0137524 de FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS S.A. con C.I.F. núm. A28037224 emitido en data 05-03-2009 por importe de 11.620,37 € que actualmente dispón da referencia 0049 1500 00 2110979958.



Segundo.- Declarar o extravío do aval bancario número 0030.1518.211.0137659 de FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS S.A. con C.I.F. núm. A28037224 emitido en data 13-03-2009 por importe de 81.342,55 € que actualmente dispón da referencia 0049 1500 05 2110979982.

Terceiro.- Cancelar o aval bancario número 0030.1518.211.0137524 de FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS S.A. con C.I.F. núm. A28037224 para responder das obrigas do contrato de SERVICIO PÚBLICO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS ante o Concello de Valdoviño emitido en data 05-03-2009 por importe de 11.620,37 € que actualmente dispón da referencia 0049 1500 00 2110979958.

Cuarto.- Cancelar o aval bancario número 0030.1518.211.0137659 de FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS S.A. con C.I.F. núm. A28037224 para responder das obrigas do contrato de SERVICIO PÚBLICO DE RECOLLIDA E TRANSPORTE DE RESIDUOS SÓLIDOS URBANOS ante o Concello de Valdoviño emitido en data 13-03-2009 por importe de 81.342,55 € que actualmente dispón da referencia 0049 1500 05 2110979982.

Quinto.- Notificar a FOMENTO DE CONSTRUCCIONES Y CONTRATAS S.A. con C.I.F. núm. A28037224 aos efectos oportunos, con indicación dos recursos que procedan.

Sexto.- Comunicar o presente acordo, de acordo co previsto no artigo 65 do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento Xeral da Lei de Contratos das Administracións Públicas, ao Banco Santander S.A. con C.I.F. núm. A39000013 aos efectos oportunos.

Documento asinado electrónicamente polo Alcalde, Alberto González Fernández na data indicada a marxe”.

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2023/X002/000012).

3º.- AMPLIACIÓN DE PRAZO PARA A EXECUCIÓN DA OBRA DE REPARACIÓN E MELLORA DO FIRME DA AVENIDA DE FERROL E DA ESTRADA EN A COSTEIRA POS+2023 (EXPEDIENTE 2023/C003/000003)

“PROPOSTA Á XUNTA DE GOBERNO LOCAL

EXPEDIENTE DE OBRAS: “REPARACIÓN E MELLORA DO FIRME DA AVENIDA DE FERROL E DA ESTRADA EN A COSTEIRA” POS + 2023.

Asunto: Solicitud ampliación de prazo de execución da obra

Expediente: 2023/C003/000003

En data 22.08.24 e con núm. de rexistro 202499900001421, don José No Varela, actuando en representación da empresa “JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES SA”, NIF A-15013162, presenta escrito de petición de prórroga por prazo de 10 días para a execución da obra “Reparación e Mellora do firme da Avenida de Ferrol e da Estrada en A Costeira” da que dita empresa é adxudicataria.

Xustifica a súa petición debido a:

“El Pliego de Prescripciones Técnicas Generales para obras de carreteras y puentes (PG-3) dice que “no se permitirá la puesta en obra de mezclas bituminosas cuando la temperatura ambiente a la sombra sea inferior a 5°C y cuando se produzcan precipitaciones atmosféricas”. Como se puede ver en las tablas adjuntas, aportadas por meteogalicia, en el período comprendido entre el 12 de Julio (solicitud anterior prórroga) y el 22 de Agosto ha llovido durante 10 días, por lo que no se han podido finalizar los trabajos de pavimentación en la Avenida de Ferrol.”



CONSIDERANDO que o artigo 195.2 da LCSP dispón que: “*Se o atraso se produce por motivos non imputables ao contratista e este ofrece cumprir os seus compromisos se lle amplía o prazo inicial de execución, o órgano de contratación concederallo dándolle un prazo que será, polo menos, igual ao tempo perdido, a non ser que o contratista pida outro menor.*”

Esta Alcaldía en uso das atribucións conferidas pola lexislación vixente PROPÓN ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Acceder á petición formulada e así pois, aprobar a ampliación de prazo solicitada de 10 días na execución das obras. Toda vez que a acta de reformulo foi celebrada en data 15.04.24 e a duración da obra de 3 MESES, a cal finalizaba o 15.07.23 pero como mediante acordo de Xunta de Goberno Local de data 16/07/2024 foi concedida unha ampliación de prazo de execución de 41 días resulta que a nova data de remate da obra ata o de agora era o 25 de agosto de 2024. Por conseguinte, aceptada esta segunda solicitude de ampliación de prazo de execución a nova data de remate da obra é o 4 de setembro de 2024.

Segundo.- Notificar o acordo á adxudicataria “JOSE NO MANTIÑAN E HIJOS CONSTRUCCIONES SA” así como ao Director da Obra, para o seu coñecemento e efectos.

/ASINADO ELECTRONICAMENTE POLO SR ALCALDE/”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2023/C003/000003).

4º.- APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS NÚM. F/2024/24 (EXPEDIENTE 2024/X999/000137)

“PROPOSTA DA ALCALDÍA-PRESIDENCIA

APROBACIÓN DE GASTOS: RELACIÓN DE FACTURAS Nº F/2024/24

Elaborouse a seguinte relación de facturas que figura co número F/2024/24 e que se remitiu pola Intervención Municipal. A contía total da presente relación de 5 facturas ascende á cantidade de SESENTA E TRES MIL DOUSCENTOS NOVENTA E UN EUROS CON NOVENTA CÉNTIMOS (63.291,90 €). As facturas que integran a antedita relación figuran como anexo á proposta.

A Alcaldía, de acordo coas competencias que se atribúen á Alcaldía polo artigo 21, apartado 1.f) da Lei 7/85, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, na súa redacción dada polas Leis 11/99 e 57/03,

PROPÓN:

PRIMEIRO.- APROBAR a relación de facturas sinalada, F/2024/24 por importe bruto de 63.291,90 euros.

En Valdoviño, na data da sinatura electrónica

O alcalde:

Asdo. D. Alberto González Fernández (*Asdo. dixitalmente*)”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2024/X999/000137).



5º.- EXPEDIENTE DA ÁREA DE OBRAS E URBANISMO.

“PROPOSTA DE ALCALDÍA DE LICENZA DE OBRA MAIOR.

Expte: 98/2023 Tedec 2023/U022/000003

.- Expte. de obras 98/2023.- [REDACTED] e [REDACTED] solicitan licenza para as obras de **construcción de vivenda unifamiliar (inclúe piscina)** nunha parcela situada no lugar de **Outeiro, 46** (referencia catastral nº. 15088A501002140000GQ).

Vista a documentación técnica achegada, que consiste en:

- Proxecto Básico para vivenda unifamiliar aillada redactado polas arquitectas Patricia Montes Andrés y Carmen Boedo Blanco, achegado o 05/04/2023 e visado o 03/04/2023.
- Documentación complementaria achegada o 22/05/2023 e visada o 22/05/2023, redactada polas mesmas arquitectas (Mem. descriptiva, memo. urbanística e planos S01.01, S02.01, A01.01, A02.01, A03.01, C01.01, C02.01, y C03.01).

Segundo as Normas Subsidiarias de Ordenación Municipal (en adiante NNSSPP), en vigor neste Concello, a parcela na que se proxecta a obra atopase situada en solo clasificado e calificado, como **S.N.U. DE NÚCLEO RURAL. ZONA DE EDIFICACIÓN RESIDENCIAL AILLADA E SOLO NON URBANIZABLE (Común)**,

Considerando que a documentación que se achega ao expediente é conforme e completa, segundo o informe do arquitecto municipal de data 21/08/2024 que se emite en sentido **FAVORABLE**

E visto informe xurídico da Secretaria municipal de data 21/08/2024 en sentido **FAVORABLE**.

Esta **ALCALDÍA** en uso das competencias atribuídas polo art. 21 da Lei 7/1985 de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, propón a Xunta de Goberno Local a adopción dos seguintes **ACORDOS**:

Primeiro.- Conceder a [REDACTED] a **licenza municipal de obras para a construción de vivenda unifamiliar (inclúe piscina)** nunha parcela situada no lugar de lugar de **Outeiro, 46** (referencia catastral nº. 15088A501002140000GQ).

A licenza se outorga salvo o dereito de propiedade e sen prexuízo de terceiros.

Segundo.- As obras axustaranse á documentación técnica achegada e asinada polas arquitectas Patricia Montes Andrés y Carmen Boedo Blanco e as condicións sinaladas no informe do arquitecto municipal (Anexo 1: **CONDICIÓN DA LICENZA**) de data 21 de agosto de 2024, debendo trasladarse ditas condicións ao promotor do expediente en debida forma, xunto coa licenza municipal.

Terceiro.- Aprobar a liquidación provisional das obras, segundo informe que consta no expediente e co seguinte desglose: **Taxa 1.083,03 €, ICIO.- 4.774,93 €**

Cuarto.- Aprobar o prazo de execución das obras, que se estima en 36 meses.

Quinto.- Notifíquese o presente acordo aos interesados e dese traslado do mesmo ao negociado de Urbanismo para o seu trámite, así coma aos servizos económicos para os efectos oportunos.

En Valdoviño, asinada electrónicamente na data á marxe polo Sr. Alcalde Alberto González Fernández”

A Xunta de Goberno Local, en votación ordinaria e por unanimidade dos seus membros asistentes á sesión, acordou a aprobación da proposta de Alcaldía transcrita (Expediente 2023/U022/000003).



6º.- ROGOS E PREGUNTAS.-

Non se formularon rogos nen preguntas.

E sen máis asuntos que tratar, o Alcalde levantou a sesión, ás dez horas e dez minutos do día ao principio indicado, e eu, como Secretaria, CERTIFICO o contido da presente acta.

/Documento asinado na marxe esquerda do mesmo pola secretaria municipal e polo sr. alcalde/